

RESOLUCIÓN DO 16 DE FEBREIRO DE 2024, DA DIRECCIÓN XERENCIA DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A., POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE DEFINIDA NA BASE 5 DAS BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL E A XESTIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN NA ENTIDADE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

A dirección xerencia de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., de conformidade co establecido no artigo 110º.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en virtude das atribucións outorgadas polo Consello de Administración na súa sesión de data 26 de marzo de 2021, ten conferido poder en materia de selección e contratación de persoal da sociedade.

No DOG nº 61, do día 31 de marzo de 2021, publicouse a *Resolución do 25 de febreiro de 2021 pola que se anuncia a convocatoria para a elaboración de listas de contratación temporal por categorías.*

A base 5 das *Bases para a selección do persoal laboral temporal e a xestión das listas de contratación na Entidade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.* establece que constituirase unha Comisión Permanente como órgano colexiado encargado da elaboración, control e funcionamento das listas.

Así mesmo, establécese que *"Para a súa composición estarase ao disposto no artigo 46 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que derogou a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.*

- *Presidente/a: O Director/a Técnico/a de RETEGAL ou persoa en quen delegue.*
- *3 vogais designados polo órgano competente de RETEGAL, segundo o establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.*
- *Secretario/a (con voz e voto): Titular do departamento competente en materia de persoal ou persoa en quen delegue.*

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

En aplicación do antedito, mediante Resolución do 4 de maio de 2021, da dirección xerencia de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., publicouse a designación dos integrantes da Comisión permanente definida na base 5 das bases para a selección do persoal laboral temporal e a xestión das listas de contratación.

Os recentes cambios producidos no cadro de persoal de Retegal derivados da cobertura de prazas que quedaron vacantes obrigan a modificar a composición da Comisión permanente en relación ao persoal designado por Retegal.

En atención ao exposto, e en virtude das atribucións conferidas,

RESOLVO:

Modificar a composición da Comisión Permanente que queda establecida da forma seguinte:

- **Presidente/a:** Don Joaquín Sánchez Rodríguez
- **Secretario/a:** Don Álvaro Rodríguez Losada
- **Vogais:**
 - D. Benedicto Fernando Santiago Acuña
 - D. Nicolás López Costa
 - D. Rafael José García Rodríguez

Data e sinatura dixital

Maria Pilar Chapela Villanueva

Directora xerente